

Procedemento de actuación na selección de deportistas para o CEU Taekwondo 2023

-Procederáse á pesaxe oportuna ás/aos deportistas que teñan que preseleccionar nunha categoría. A marxe permitida será de 2 Kg por riba ou por debaixo do peso no que se inscriba a persoa. A/O deportista que non dea o peso quedará automaticamente excluído/a da preselección e non poderá realizar os combates previstos.

-Os/as deportistas deberán acceder á selección e resto de entrenos perfectamente equipados con dobok completo e kit de protección. A comparecencia con prendas deportivas distintas do indicado anteriormente será motivo de exclusión.

-Só realizarán combates de preselección os pesos nos que se presenten dous ou máis taekwondistas. Os combates constarán de tres asaltos de dous minutos de duración cada un. Contarase cun árbitro nacional, petos e cascos electrónicos e sistema de vídeo replay.

-No caso de que un medallista universitario* perda o primeiro combate terá unha segunda oportunidade o mesmo día. Por motivos de lesión de calquera dos contrincantes, os seleccionadores poderán pospoñer a celebración deste segundo combate, pero se tentará que sexa no mesmo día.

-As/Os deportistas non contarán co apoio dun adestrador no tapiz. Un adestrador/a poderá presenciar os combates desde fóra do tapiz, estándolle totalmente prohibido dar instrucións técnicas.

-Será motivo de exclusión a non comparecencia á preselección ou convocatorias posteriores de calquera deportista sen notificación previa ao corpo técnico da Uvigo. Os adestradores analizarán as solicitudes para a súa análise e estudo.

-En caso de exclusión dalgunha persoa deportista seleccionárase á seguinte persoa na lista da categoría correspondente.

*Medallista universitario: que obtivera medalla nun campionato de España, Europa, Mundo universitario ou nunha Universiada nalgunha ocasión.